

DECRETO DA ALCALDÍA- PRESIDENCIA

Asunto: Formalización de contratos e alta na Seguridade Social de catro peóns forestais para o programa Rural Activo 2026

Expte: 2026/E001/001/000007

Antecedentes:

Visto que se aprobaron as bases e a convocatoria para a provisión, mediante o sistema concurso- oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de catro postos de peón forestal do Concello de Cerceda, ao abeiro da Orde do 22 de febreiro 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Rural Activo) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (DOG nº 24 do 05/02/2026).

Visto que o Concello presentou o día 07/07/2025 a oferta de Emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, oficina de emprego de Monelos (A Coruña), tal e como reflicte a Orde da subvención no artigo 14.4 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Visto que o día 08/07/2026 recibíronse un total de 7 curriculums vitae, como candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia (Oficina de Monelos), con número de oferta 12/2026/6757 e visto que despois da comunicación telefónica tiñan un prazo de 2 días para participar no proceso de selección.

Visto o decreto de data do 15/07/2026, que reflexa a aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, así como a data e o lugar de realización da proba práctica, e vista as actas do tribunal de selección de data 17/07/2026, asinadas por tódolos membros do tribunal, na que se recolle a valoración de méritos, a valoración total dos aspirantes, e a proposta de nomeamento.

Visto que os adxudicatarios presentaron en forma e prazo a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula oito das bases de selección para a súa posterior formalización do contrato, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO: Dar de alta na Seguridade Social e formalizar o contrato de traballo aos candidatos seleccionados:

APELIDOS E NOME	DNI/NIE
LÓPEZ QUEIJO AVELINO JOSÉ	***080***
REGUEIRO VAZQUEZ EMMA	***748***
VÁZQUEZ GOLÁN MARÍA DEL PILAR	***503***
VILORIA COLMAN CARLOS ALFONSO	***794***

Coas seguinte características:

Duración do contrato: dende o 1 de agosto de 2026 ata o 30 de abril de 2027.

Categoría: peón forestal

Xornada: completa (de luns a domingo, con dous días de descanso).

Tipo de contrato: contrato vinculado a programas de políticas activas de emprego (código do contrato 405).

Soldo: 1.355,90 euros (correspondentes a 14 pagas).

SEGUNDO: Publicar no taboleiro de sede electrónica do Concello esta resolución, de conformidade co previsto nas bases de selección.

TERCEIRO: Trasladar esta resolución na próxima sesión plenaria do Concello.

En Cerceda, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

O ALCALDE

Juan Manuel Rodríguez García

Dou fe

A SECRETARIA

María Garrote López